Compostela
Cultura

INVISIBLES SONORAS

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

XUÑO 2021

MARTES 01
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

SOLO DE ARPA

CRISTINA MONTES MATEO
ARPA

MÉRCORES 09
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

120 FOTOGRAFÍAS + 8 FABULACIÓNS

UNHA OLLADA MULTIDISCIPLINAR Á OBRA DE MARUJA ROCA

*ESTREA ABSOLUTA

XOVES 10
20.00 H
PRAZA DAS PRATERÍAS

ELAS

BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CASIANO MOURIÑO, DIRECTOR

VENRES 11
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

DOLCE TORMENTO

PACO VAROCH, PICCOLO
ADRIÁN GARCÍA, PERCUSIÓN

MÉRCORES 16
20.30 H
CGAC

CATRO CONTINENTES

ELISA VÁZQUEZ DOVAL
PIANO

XOVES 17
19.30 H |CONVERSANDO
20.30 H | CONCERTO
AUDITORIO DE GALICIA

CONTRADICIÓNS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
RAQUEL GARCÍA-TOMÁS, COMPOSITORA
DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ, DIRECTOR

*ESTREA EN ESPAÑA

MARTES 22
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

MIRADAS SONORAS

TRÍO ZUKAN

*ESTREA ABSOLUTA

VENRES 25
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

UN PECADO CHEO DE PRACER

VERTIXE SONORA

*ESTREA ABSOLUTA
**PRESENTACIÓN EN GALICIA

MARTES 29
20.30 H
TEATRO PRINCIPAL

CELLO&ELECTRONICS

MARGARIDA MARIÑO, VIOLONCHELO
LAURA ITURRALDE, DESEÑO DE ILUMINACIÓN E ESCENOGRAFÍA

OUTRAS ACTIVIDADES:
LUNS 14 E 21: ELAS FAN ÓPERA, ROSA Mª FERNÁNDEZ, MUSICÓLOGA
19.30 H | SALA MOZART, AUDITORIO DE GALICIA

ENTRADAS

RETIRADA DE ENTRADAS
Todas as entradas serán de balde previa retirada de convites.

CANDO?
A propia semana do espectáculo desde as 10.00 h do luns na web e no horario habitual no despacho de billetes.

ONDE?

- **compostelacultura.gal**
- Despacho de billetes da **Zona C. Punto de Información Cultural** (Preguntoiro, 1). Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Domingos de 11 a 14 h (Luns pechado). Teléfono 981 542 462
- Despacho de billetes do **Teatro Principal**. Aberto o día do espectáculo desde 1h antes do comezo do mesmo. Teléfono: 981 542 349
- Despacho de billetes do **Auditorio de Galicia**. Aberto o día do espectáculo desde 1h 30 min antes do comezo do mesmo. Teléfono 981 571 026

AVISO!
Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, en calquera momento poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto, así como os horarios das funcións, segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

Pregamos se contraste a información actualizada na páxina web **compostelacultura.gal**

PROTOCOLO ANTICOVID

Será de aplicación a normativa vixente en cada momento e, así mesmo, a cabida dos espazos está limitada ao que recolla a orde vixente no momento do espectáculo.

O acceso dos espectadores estará condicionado en todo caso sempre a:

- Uso obrigatorio de máscara
- Desinfección de mans
- Distancia mínima de 1,5 m entre persoas
- Entrada e saída das instalacións deforma graduada mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m.

Para iso, o control de acceso realizarase mediante os postos de tiqueo desatendido que permitirán que cada persoa que acceda poida ticar a súa entrada sen contacto físico e mantendo a distancia de seguridade.

Se presenta algún síntoma relacionado coa COVID-19, pregamos non acceda ás instalacións.

MARTES 01
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

SOLO DE ARPA

CRISTINA MONTES MATEO
ARPA

REPERTORIO

Mª Luisa Ozaíta (1939-2017)
Fantasía y Recuerdos (2011)

Laura Vega (1978)
Más allá de la noche que me cubre... (2011)

Mercedes Zavala (1963)
Díptico. 2 Haikus: *Nieve sobre nieve e Incesante nieve* (2005)

Rosa María Rodríguez Hernández (1963)
Luzeulo

Iluminada Pérez Frutos (1972)
Sobre el tapiz del arpa (2011)

Marisa Manchado (1956)
Siete piezas para Ángela (2007)

Carme Fernández Vidal (1970)
Brume Grisaâtre (2011)

Consuelo Díez (1958)
Ser y tiempo (2011)

Claudia Montero (1962-2021)
Evocaciones (2010)

Este concerto está integrado por obras do Taller de Mujeres Compositoras del Festival de Música Española de Cádiz, música orixinal para arpa sola de nove compositoras españolas que teñen conquistado o panorama da música contemporánea actual. O programa ábrese e péchase coa homenaxe a dúas delas que lamentablemente nos deixaron nos últimos anos: Marisa Ozaíta, pioneira e fundadora da Asociación de Mujeres en la Música e Claudia Montero, gañadora de catro premios Grammy Latinos, arxentina de nacemento e española desde hai máis de 20 anos (inesperadamente falecida o pasado xaneiro) cuxa obra *Evocacións* suxire as lembranzas de tres momentos, tres lugares de Bos Aires, a cidade natal da compositora. Inclúense obras da canaria Laura Vega, as madrileñas Mercedes Zavala sobre haikus de Santôka e Hashin, Marisa Manchado dedicada a Ángela Carazo del Hoyo, no seu sexto aniversario e Consuelo Díez; a extremeña Iluminada Pérez Frutos que presenta en *Sobre el tapiz del arpa,* paisaxes de ambiente impresionista baixo un perfecto acompañamento da harmonía e unha melodía con clara influencia da música folclórica española e as baleares Rosa María Rodríguez e Carme Fernández Vidal. Todas as obras foron estreadas por Cristina Montes Mateo no Festival de Música española de Cádiz en 2011, gravándose posteriormente tamén no álbum «Obras para Arpa» publicado pola colección *Documentos Sonoros del Patrimonio Musical de Andalucía*.

Cristina Montes Mateo

Obtivo o 1º Premio por unanimidade do Torneo Internazionale di Musica en Roma, e o 1º Premio no 32º Concorso Internazionale di Arpa Premio Valentino Bucchi. Gañadora tamén dos prestixiosos concursos Arpa plus (2001), Juventudes Musicales (2003), Concurso Internacional Arpista Ludovico (2005), International Nippon Harp Contest (Tokyo, 2007) e Concours International Lily Laskine (París, 2011), é a primeira arpista que logra todos estes galardóns, erixíndose nunha das máis importantes da súa xeración. Ten traballado con Z. Mehta, V. Gergiev e R. Chailly, P. Boulez, Sir Colin Davis, B. Haitink ou G. Dudamel, entre outros. Foi arpista solista da Orquestra de la Comunitat Valenciana del Palau de Les Arts Reina Sofía de Valencia, da Münchner Philharmoniker, Royal Liverpool Philharmonic e Los Angeles Philharmonic. Ten ofrecido recitais por toda Europa, EEUU, Xapón e Sudamérica; e concertos con orquestra como o Ensemble Orchestral de Paris, Orquesta Simón Bolívar de Venezuela, Orquesta de Santiago de Chile, Orchester des Theater für Niedersachsen Hannover ou Los Angeles Chamber Orchestra. En España presentouse coa Orquesta de Córdoba, Filarmónica de Málaga, Orquestra de la Comunitat Valenciana e coa JONDE. Vindeiros compromisos inclúen a Sinfónica de Navarra, Sinfónica do Principado de Asturias ou o seu regreso á Filarmónica de Málaga. Os seus recitais e concertos levárona a salas como a Philharmonie de Berlín, Tonhalle de Zürich, Royal Albert Hall de Londres, Théâtre du Châtelet de París, ou Carnegie Hall de Nova York. Destacan tamén as súa participacións no Festival Internacional de Río de Janeiro, Festival Música Sur, Fundación Juan March ou os seus concertos na Alhambra de Granada no Palacio Real diante dos Reis de España no acto de conmemoración do 60º aniversario de España na ONU, retransmitido en directo internacionalmente. Entre as súas gravacións destacan o seu CD Obras para arpa, con 11 estreas de compositoras españolas; Voyage, en NAXOS, con obras de Bach, Sancan e Prokofiev; ou o máis recente, para o selo español IBS Classical que inclúe o *Concerto para arpa Pour le jour de l'an*, co Ensemble de ventos Mioonwinds, dirixido por Joan Enric Lluna, ou a *Partita op. 80* para arpa sola, ambas de Salvador Bacarisse. Montes naceu en Sevilla, onde comezou os seus estudos. Perfeccionounos en Londres, e na Akademie da Staatskapelle de Berlín, baixo a dirección do Mestre D. Barenboim. Desde 2013, é Catedrática de Arpa no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia, e ofrece clases maxistrais no Berklee College of Music, Birmingham Conservatoire, ou Hochschule für Musik und Tanz Köln. Cristina Montes Mateo, habitualmente, toca nun arpa de Gran Concierto Lyon and Healy, modelo Salzedo.

MÉRCORES 09
20.30 H | SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

120 FOTOGRAFÍAS + 8 FABULACIÓNS*

UNHA OLLADA MULTIDISCIPLINAR Á OBRA DE MARUJA ROCA

INTEGRANTES DO PROXECTO
Pablo Sanmamed, compositor e contrabaixo
Helena Sousa Estévez, acordeón
María José Pámpano, violín
Iago Mourinho, piano
Eutropio Rodríguez, diálogo fotográfico
Nieves Neira Roca, poesía en movemento

*ESTREA ABSOLUTA

Cerimonias de té, piratas. Mulleres coma fadas, libres. Ambulantes, feirantes, ciganas. O mundo correu pola cámara de Maruja Roca nas décadas dos 40 e dos 50 coma un río escintilante, brillante, musical. As 120 imaxes de quen foi unha das fotógrafas máis abraiantes do país recuperadas no libro *O feitizo de Maruja Roca* (aCentral Folque, 2020) debuxan un arco. Lánzannos das serras orientais luguesas onde viviu ao Oriente dos lugares imaxinados e soñados. Infinita fantasía, xogo, danza.

1*20 fotografías + 8 fabulacións* é unha ollada multidisciplinar á obra desta artista con música de Pablo Sanmamed creada especialmente para o espectáculo que aquí se estrea. Un total de oito composicións narrativas contemporáneas que, con influencias doutras sonoridades, verquen en partituras os líquidos de revelado. Debedora dos encontros escenificados que Maruja Roca provocaba na súa fotografía, a proposta reúne por primeira vez nun escenario ao pianista Iago Mourinho, á acordeonista Helena Sousa e á violinista María José Pampano xunto cos autores do libro, o editor fotográfico Eutropio Rodríguez e a escritora Nieves Neira Roca, ademais do propio Sanmamed ao contrabaixo. Música, poesía e imaxes trenzadas en homenaxe dunha artista que vén de saír do silencio.

Pablo Pérez Sanmamed é contrabaixista, baixista e compositor. Estudou contrabaixo no Conservatorio de Música de Santiago con Dalibor Sebestnik e posteriormente con Quique Alvarado, Paco Charlín, Mariano Martos e Iñigo Azurmendi, baixo eléctrico e contrabaixo, composición e análise con Daniel Martínez entre outros. Realizou seminarios e clases maxistrais con Jesús Santandreu, Chris Kase, Abe Rábade, Santi Quintáns, David Friesen, Raynald Colom, Perico Sambeat e Carlos Martín entre outros, ademais de catro cursos no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra e realizar estudios no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Obtivo varios premios de composición como: *Primeiro* Premio á mellor música orixinal no 16º Festival du Film Espagnol en Toulouse no 2011, Primeiro Premio á mellor música orixinal Festival Internacional de Cine de Oaxaca no 2011, Primeiro Premio World Music outorgado por Músicos ao Vivo no 2013, 2016 e 2019 por Crebinsky. Como proxectos persoais ten o seu propio trío de jazz Pablo Sanmamed Trío co que publica *16/04* no 2018 e *Ben Vennas Maio*, un sexteto de instrumentación mixta sobre a obra de Afonso X publicado no 2020. Ademais ten gravados 67 discos e/ou DVD con diversos artistas (German Coppini, Mark Sanders, Ricardo Tejero...). Compuxo música para filmes como *Crebinksy, Funes o inventor da Lúa*, numerosas curtametraxes (*Minotauromaquia, De tripas y corazón, Mártires...),* así como sintonías para programas de televisión e anuncios e música para teatro das compañías *Teatro da Lúa, A Xanela do Maxín* e danza (*Entroidanzas*). Participou en numerosos festivais como o WOMAD, Festival Internacional de Jazz de Getxo, Jazzaldia de Donostia-San Sebastián, SONAR, Festival de L´Orient, Intercéltico de Glasgow, ou o Festival Internacional de Panamá.

Nada en Ourense en 1993, **Helena Sousa Estévez** é unha acordeonista profesional cunha grande experiencia a nivel solista ou como parte de ensembles e premiada en diversas competicións en España e no estranxeiro. Tras obter o Título Superior de Música en Musikene – Centro Superior de Música do País Vasco (San Sebastián, 2015) e o Mestrado de Musica na HEAR – Haute École des Arts du Rhin (Estrasburgo, Francia, 2017), Helena reside actualmente nos Países Baixos. Interesada pola colaboración continua con compositores no mundo da música clásica contemporánea, Helena realiza múltiples estreas absolutas e participa en numerosos proxectos como solista, co pianista Daniel Leiro Castro ou como parte de formacións como Doelen Ensemble, Ensemble Linea, Ensemble Intercolorou Khaer Duoentre, entre outros baixo a dirección de Arie van Beek, Jean-Philippe Wurtz, Natalia Salinas, Sander Teepen ou Roberto Beltrán-Zavala en festivais e proxectos internacionais como Festival Musica 2017, Arsmondo Festival 2019 e Festival Musica 2020, os tres en Estrasburgo; Codarts Composers Festival 2018 e 2019 en Rotterdam; Thy Chamber Music Festival 2019, en Dinamarca; IMPULS Festival 2019, Alemaña ou Festival de l'Épau 2020 en Le Mans.

María José Pámpano é graduada polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, especializada na interpretación historicamente informada xunto á prestixiosa violinista Amandine Beyer na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo do Porto onde realiza un Mestrado en Interpretación da Música Antiga, na especialidade de violín barroco. Cunha considerable formación e experiencia profesional no eido da música antiga, María José Pámpano é unha intérprete de grande versatilidade que a leva a participar en proxectos moi diversos ben coma violinista, violista ou fidulista. Coma músico de seu tempo, comparte a súa paixón na investigación das músicas do pasado con aquelas linguaxes musicais máis na vangarda da creación musical. Así, ademais de liderar a agrupación Concerto das Donas –especializado no repertorio feminino dos s. XVII e XVIII- forma parte da recente formada Orquestra Galega de Liberación ou do cuarteto de cordas experimental Suelen Estar Quartet, único na súa clase no territorio nacional.

Iago Mourinho, formado en música clásica no Conservatorio Profesional de Música de Lalín, comeza os seus estudos de jazz e música moderna con Javier Constenla.

Posteriormente amplía a súa formación con mestres como Carlos Castro, Carlos Calviño, e realiza estudos superiores de jazz no Conservatorio Superior de A Coruña, con profesores como Roberto Somoza ou Marcelino Galán. Asistiu a clases maxistrais con Celia Mur, Victor Wooten, Steve Brown, Andy Phillips, Tom Warburton, Marc Ayza e Raynald Colom. Foi seleccionado para formar parte do encontro co Kirk Lightsey Trío. Forma parte de diversas formacións como Pablo Sanmamed Trío, Ben Vennas Maio, Batmacumba, Viruxe, Miguel Lamas Cuarteto, Slam (Beyond The Doors), Alfonso Calvo Septet, Leira 4, RH Atlantic Faktor (liderada polo trompetista bilbaíno Rubén Salvador), DinA4, André Russanoff Quartet, Maria Toro Quartet, Pepe Bao Quarteto, José Somoza Big Band, Hot Chocolates. Colaborou nos discos premiados de Buxeiro Trío (Ciclo Sgae Galiza Creativa) e Ela sabe a sol de Najla Shami (Premio Martin Codax da Música). Con grande parte delas participou repetidas veces de diversos festivais de jazz ao longo da península como Imaxinasons (Vigo), Iberojazz (A Coruña), Novas Músicas de Monforte, Festival de Jazz de Ourense, Feito a man (Santiago de Compostela), Festival de Jazz de Alcúdia (Mallorca). No campo da música clásica, realizou concertos didácticos e música para cinema mudo como pianista do Cuarteto de Corda Ancestral, así como pianista acompañante do tenor lírico Cesáreo Torres, da Coral Polifónica Casino do Carballiño, e tamén diversos eventos do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín ou Begoña Lorenzo.

Eutropio Rodríguez. Santiago de Compostela, 1969. Graduado en Fotografía Documental polo International Center of Photography de Nova York e Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Premiado en diversos certames coma o Premio Ksado da Deputación da Coruña e o Premio Caja España. Do mesmo xeito publicou o seu traballo nos medios The New York Times e Rolling Stone Magazine-New York. A súa obra está presente en diversas colecciónS: URJC, International Center of Photograpy, Caja España, etc. Expuxo nas salas de arte da Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela, Palacio de los Gobernadores San Roque-Cádiz, West Chelsea Building of Arts-Nova York, MACUF-A Coruña, Concello de Ourense-Outono Fotográfico, EFTI-Madrid, etc. Coma docente de fotografía impartiu clase no International Center of Photography de Nova York nos anos 2000 e 2001 e na School for Social Research tamén de Nova York en 1998. Tamén e profesor de fotografía no Museo Gas Natural-Fenosa-A Coruña, e dende 2015 forma parte do equipo docente e investigador da Unidade de Talento e Altas Capacidades da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Neste ano foi editor de «O danés curioso», unha escolma de imaxes do antropólogo Gustav Henningsen para Acentral Folque Ed. E o Concello de Ordes. Tamén publicou «Os danzantes dos Reis» sobre a tradición do Rancho de Reis de Riofrío en Mondariz. O seu traballo sobre «Bestas» sobre vinte anos de documentación sobre a tradición da rapa das bestas está a piques de ser publicado nun libro.

Nieves Neira Roca (Lugo, 1983), xornalista e escritora galega, actualmente en fase de doutoramento como investigadora en crítica literaria na USC. É membro do padroado da Fundación Uxío Novoneyra e integrante da asociación luguesa 3monos para a promoción das artes escénicas. No ámbito da lectura danzada dirixiu en 2018 a obra 'Fulgor', sobre a obra escritora portuguesa María Gabriela Llansol (Espaço Llansol), e no 2020, 'Trenza', con textos propios para o ciclo 'Na distancia medran os versos' (Auditorio de Galicia). No ámbito da escrita e performativo colaborou coas artistas Carla Andrade (en 'Cando os ollos non bastan') e Sabela Mendoza (en 'Dedicatoria'), así como nos festivais Alguén que respira! (Santiago de Compostela), (S8) Mostra de cinema periférico (A Coruña) e Cartografía en Movemento (Lugo), con cuxas organizadoras mantén unha intensa relación creativa. Gañou en 2020 o premio de xornalismo Johán Carballeira por un traballo á volta da fotógrafa Maruja Roca, sobre a que escribiu un libro no mesmo ano para aCentral Folque.

XOVES 10
20.00 H
PRAZA DE PRATERÍAS

ELAS

BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CASIANO MOURIÑO, DIRECTOR

REPERTORIO

Ida Gotkovsky (1933)
Poème du feu (1978)

Julie Giroux (1961)
One life beautiful (2010)

Shelley Hanson (1951)
La tumba de Alejandro Garcia Caturla (2001)

María Mendoza (1975)
A Raiña Lupa (2017)

Julie Giroux (1961)
La Mezquita de Córdoba (2005)

Desde o principio da humanidade, abundan as lendas sobre o lume e a súa orixe que lle confiren un carácter sagrado como no mito de Zoroastro. O *Poema do lume* da compositora francesa Ida Gotovsky é una obra orixinal escrita en dous movementos: o primeiro é un lume de enormes dimensións, unha fonte de vida no comezo da creación e o segundo, unha forza liberadora, impulsora, que eleva ao ser humano ao rango de demiúrgo e por influxo da enerxía, remata na apoteose do lume exaltando así o desexo de Prometeo. O programa inclúe dúas pezas da norteamericana Julie Giroux, *One life beautiful* é un título con dobre sentido; por un lado, refire a persoa dedicatoria esta obra como a «unha vida» belamente vivida e por outro, unha observación directa que conclúe que ter una soa vida fai que a vida sexa sagrada, tráxica pero moi prezada. Unha obra impresionista que describe musicalmente a «doce mágoa» de Shakespeare, a fraxilidade e a forza da vida, o significado do que é vivir verdadeiramente unha vida fermosa. *La Mezquita de Córdoba* homenaxea a unha edificación acolledora das relixións musulmá, cristiá e xudía, un feito sen precedentes entón e inédito na actualidade, unha celebración musical dos logros multiculturais, relixiosos e artísticos. Shelley Hanson fai unha reflexión musical sobre o compositor cubano Alejandro García Caturla (1906-1940), que estudou con Nadia Boulanger pero que posteriormente foi asasinado mentres exercía como xuíz. A peza contén dúas composicións diferentes: un exercicio de ritmo puro que combina figuras rítmicas e timbres nunha emocionante viaxe aos ritmos cubanos, con instrumentos ademais de palmas, golpes con lapis e facendo soar chaves e unha homenaxe ao compositor cunha instrumentación estándar de banda para xerar efectos policordais e polirrítmicos. *A Raíña Lupa* é unha obra de María Mendoza gañadora de numerosos premios de composición que foi galardoada pola sensibilidade musical que transpira ademais de ofrecer uns recursos melódicos e harmónicos comprensibles polo público desde a primeira audición. Así mesmo, a obra traballa timbre e sonoridade da Banda de forma depurada e eficaz.

BMSC

Nace en 1848 como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio. Foi agrupación de afeccionados ata 1876 cando o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse redactándose un regulamento para o seu funcionamento. Actualmente realiza os seus concertos no Teatro Principal e na Rúa do Vilar, praza da Quintana, Alameda e outros lugares da cidade na temporada de verán. Ten o seu local de ensaios e arquivo no Auditorio de Galicia e dentro do seu traballo cotián segue enriquecendo ás súas interpretacións que van do pasodobre ao repertorio sinfónico, pasando pola música tradicional e numerosas transcricións de obras clásicas de compositores de toda as épocas e obras específicas para banda de compositores actuais, en especial de compositores galegos. Centra a súa actividade na programación da temporada cos ciclos de outono, inverno, primavera e verán, concertos sinfónicos no Teatro Principal e Auditorio de Galicia de outubro a maio, con numerosos directores e solistas invitados ademais de realizar colaboracións co CMUS de Santiago, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago, Cantorum Compostellana Coniuntio, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Brincadeira, Tequexetéldere, entre outros; concertos didácticos para os colexios de Santiago e comarca, interpretando: *Pedro e o Lobo*; *A Burra Ramona*, con narración de Paula Carballeira; *A Boliña de Pan*, con narración Celso Fernández; *Concerto Singular* con Píscore; *Peer Gynt*; *A Frauta Máxica* ou *West Side Story* con Viravolta Títeres, por citar algún. Participa nos actos organizados polo Concello como a Ofrenda ao Apóstolo Santiago, entrega de medallas da Xunta de Galicia, procesións de Semana Santa, Feira do Libro ou Festas da Ascensión. Na temporada de verán, participa cunha programación especial no mes de xullo, un ciclo de concertos polos distintos barrios da cidade con motivo da celebración das súas festas, e como non os xoves pola tarde, os concertos na Praza das Praterías, onde a Banda deleita coas súas actuacións aos composteláns e a milleiros de visitantes de todas partes do mundo que visitan Santiago de Compostela nesas datas.

Casiano Mouriño Maquieira

Estuda nos Conservatorios Superiores de Música de Vigo, Santiago de Compostela e Joaquín Rodrigo de Valencia cos mestres Manuel Galduf Verdeguer, José Verea Montero e Antón García Abril. En 1987 gaña por oposición a praza de Profesor de Saxofón-barítono da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e no 2000, a praza de segundo director da mesma e de director, dende xaneiro de 2007 ata outubro do 2009. Asiste a cursos de dirección de orquestra, composición, banda e coro con mestres como H. Rilling, Galduf Verdeguer, García Asensio, García Abril, M. Lindberg, J. Pennnigs, J. Marie Londeix, A. Gomis, J. Ross, B. Adam Ferrero, J. Rafael Pascual-Vilaplana, H. Adams, J. Susi López, Juan Mª Esteban, P. P. Scattolin, I. Joo, Ana Mª Navarrete, J. de Meij, etc... Ten impartido cursos na E. M. de Música Padrón, Negreira, Paradela-Meis, Bandeira e nos Conservatorios de Santiago de Compostela e de Vilagarcía. É autor de *Divertimento para orquestra*, *Vertula*, *Alfaia*, *San Lourenzo de Nogueira*, *Inquedanzas* para Banda Sinfónica, *Metamorfosium* (estreada pola EAEM baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave), *Saxofonía* e *Anamnese* (banda sonora da curtametraxe de Leticia Prieto) ademais de numerosas instrumentacións e transcricións para banda sinfónica de obras de Moussorgski, Strauss e Hindemith. Dirixiu a RFG no concerto conmemorativo do 170 aniversario da Banda de Santiago de Compostela, no primeira actuación conxunta de ambas, a solistas como Alexander Gold, Laura Alonso, Carmen Subrido, Gabriel Alonso, Miguel Borrallo, Idoris Duarte, Rosa Cedrón, Marina Penas, Eliseu Mera, Uxía Senlle, Emilio Rúa, Treixadura, Cantigas e Agarimos, Tequexetéldere, Brincadeira, Coral Polifónica Xuntanza de Meis, Coral Polifónica de Barro, Coro Santa María de Paradela, Cantorum Compostellana Coniunctio, Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral de Santiago realizando diversas obras do repertorio sinfónico-coral como *O Mesías*, *Carmina Burana*, varias bandas galegas, e a Banda de Música da Vertula coa que acada varios primeiros premios en distintos certames. Ten estreado obras propias e doutros compositores como Juan Lois, Simón Couceiro, Javier Ces, Amador Santos, entre outros.

VENRES 11

20.30 H | SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

DOLCE TORMENTO

PACO VAROCH
PICCOLO

ADRIÁN GARCÍA
PERCUSIÓN

REPERTORIO

Manuel Añón (1969)
Seis propuestas para el próximo milenio (2020) para piccolo, soporte de audio e proxección de vídeo de Marina Uceda Farré

Martina Sabariego (1998)
ZoomingTXYZ (2021) per a un percusionista i electrónica

Carla Rees (1976)
Nightsong (2016) para piccolo solo

Kaija Saariaho (1952)
Dolce Tormento (2004) piccolo solo

Allison Loggins-Hull (1982)
Say Can You (2020) para piccolo e electrónica

Donald Erb (1927-2008)
Drawing Down the Moon (1991)
Sonata para piccolo e percusión con proxección de video de Manuela Illera e Valentina Jiménez

Tres indicacións musicas son válidas desde o primeiro ao último compás deste programa: *sempre dolce*, *espressivo* e *libre*. De Manuel Añón Escribá, compositor e musicólogo valenciano, preséntase unha versión revisada para piccolo, soporte de audio e proxección de vídeo da creadora Marina Uceda Farré, *Seis propuestas para el próximo milenio* estreada no Festival Contemporáneo de Alicante. *Zooming TXYZ* de Martina Sabariego, é un diálogo entre o escenario e o auditorio que amosa a relación entre fraxilidade e forza. A través de procesos de *zoom in* e *zoom out*, establécese unha viaxe que mostra as diferentes caras desta relación infinita e simbiótica entre ambas. A inspiración de Carla Rees para *Nightsong* chega do son brillante dun paporrubio que cantaba fronte á súa fiestra cada madrugada, a voz clara do paxaro contrastada co silencio circundante e algúns elementos desta idea (aínda que non os tons en si). *Dolce Tormento* de Kaija Saariaho utiliza o poema 132 do *Cancionero* de Petrarca onde a partitura pide a recitación entre o murmurio do frautín e o *sotto voce* da voz. A composicións da norteamericana Allison Loggings-Hull navegan entre formas atrevidas de temas populares, experimentais e música contemporánea nunha mestura visionaria, na que implementa electrónica e efectos dixitais. O título e o primeiro movemento de *Drawing Down the Moon* do norteamericano Donald Erb. refírese aos ritos da antiga Grecia en que as mulleres realizaban feitizos. *Pointing the Bone*, o segundo movemento, fai referencia a unha práctica esotérica entre os aborixes australianos. O terceiro, *Lilith*, trata sobre a figura feminina que na lenda rabínica é a esposa de Adán e, cando é suplantada por Eva, convértese nun espírito malvado, (as nais, para protexer aos seus fillos do espírito de Lilith, cantaban cancións que foron a xénese do canto de berce). O movemento final *Demon Drummer* ven dun conto do século XVII escrito por un percusionista encadeado, no que o tambor escoitase maxicamente noutros lugares.

Paco Varoch

Solista Internacional de piccolo e membro asociado da Mahler Chamber Orchestra, recibiu a súa educación musical en Alzira, Valencia, París e La Haya estudando con Mª Angeles Grau, Jaime Martin, Philippe Pierlot, Andràs Adorjàn e Marianne Henkel-Adorjàn. En 2005 comeza a súa carreira como músico independente e permítelle ser colaborador de Lucerne Festival Orchestra, Chamber Orchestra of Europe,Orchestre De Paris, musicAeterna, entre outros. Como concertista de piccolo ten estreado o *Concierto para flautín* de Salvador Brotons coa Banda Municipal de Barcelona baixo a dirección do propio compositor e ten actuado acompañado polas Sinfónica de Galicia e Alicante, Orquesta Vigo413, Orquesta Sinfónica de Antioquía e Mahler Chamber Orchestra. Foi profesor invitado no Conservatorio Superior de Música do Liceo de Barcelona e impartiu cursos de piccolo no Muzik-Centrum de Dortmund ademais de ser profesor da Filarmónica Joven de Colombia e da Joven Orquesta Nacional de Cataluña. Conta con obras dedicadas dos compositores Miguel del Águila, Manuel Añón, Jesús Santandreu, Stefan Simona-Oprita, Victor Vallés e José Luis Escrivà. En 2018 estreou a produción discográfica Remembrances que inclúe transcricións propias para frautín e piano de obras de compositores cataláns e valencianos.

Adrián García

Profesor do Conservatorio Profesional de Musica Guitarrista José Tomás de Alicante e membro da ADDA-Sinfónica, no 2007, foi galardoado co premio Euterpe do País Valenciano á mellor traxectoria académica. Foi timbalero da Orquesta Sinfónica de Alicante e colaborador de importantes orquestras como a Orquesta Reina Sofía, One World Symphony Orchestra e Jeunesses Musicales World Orchestra, Albeniz Symphonic Orchestra de Nova York e a Filharmónica do estado de Botosani de Romania. Membro fundador xunto ao percusionista Rafa Mayans do Kineticpercussion actuaron nos Festivais máis importantes de música étnica e percusión do panorama nacional.

MÉRCORES 16
20.30 H | CGAC
(CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA)

CATRO CONTINENTES

ELISA VÁZQUEZ DOVAL
PIANO

REPERTORIO

Linda Catlin Smith (1959)
Thought and Desire (2007)

Younghi Pagh-Paan (1945)
I Thirst (2008)

Annea Lockwood (1939)
RCSC (2001)

Nuria Núñez Hierro (1980)
Der Rote Faden (2012), para piano e e-bow

Galina Ustvolskaya (1919 - 2006)
Sonata núm. 5 (1986)

A obra *Thought and Desire* inclúe o Soneto 45 de Shakespeare no que reflexiona sobre o pensamento e o desexo como calidades «presentes-ausentes»; como testemuñas dun vínculo coa persoa amada, pero tamén falan da distancia. Linda Catlin Smith escribiu esta obra como regalo dun aniversario de voda, unha canción de amor calma e íntima, que reflexiona sobre a longa convivencia entre dúas persoas e entre eses dous aspectos de nós mesmos: o pensamento e o desexo. A surcoreana Younghi Pagh-Paan toma o título de *I Thirst* das palabras nos evanxeos de Cristo crucificado «Teño sede», sede física mais tamén espiritual como metáfora da traxedia sucedida en 1948 na illa de Jeju, terra dos seus pais. Os seus habitantes rebeláronse contra o goberno e, como resposta, a policía xunto ao exercito asolaron centos de vilas e mataron milleiros de poboadores da illa. Os pescadores de Jeju cantan con forza mentres reman cara o mar, e o seu canto contén unha gran tristura, berrando á vez «Teño sede», expresando a súa sede de verdade. A compositora di «O que quero expresar con esta música é que o espírito intacto dos seus devanceiros segue vivo nas seguintes xeracións da illa de Jeju». *RCSC* foi un encargo de Sarah Cahill en 2001 á neozelandesa Annea Lockwood como unha das sete pezas curtas de mulleres compositoras en honor a Ruth Crawford Seeger. O título é case un palíndromo dos seus nomes, e o seu contido tonal basease nas dez notas do último movemento do *Segundo cuarteto de corda* de Crawford Seeger. Lockwood é coñecida polas súas exploracións do son e contornas acústicas naturais, en obras que van desde a arte sonora e as instalacións, o texto-son e a performance, ata a música de concerto. *Der rote Faden* é unha serie de pezas da andaluza Nuria Núñez Hierro que analizan a percepción da experiencia sonora a través dun diálogo de lembranzas e expectativas; o resultado de traballar relacións formais entre diferentes xestos musicais que as contaminan, e ramifícanse, evolucionan e interactúan adaptándose ás características físicas e espirituais das diferentes formacións, constituíndo o seu propio 'fío condutor', o seu propio 'roter

Faden'. *Der rote Faden III* inspírase no filme de Christopher Nolan, Memento, cuxa maior singularidade reside na súa liña temporal, que en lugar de ser lineal, vai cara atrás «a saltos», amosando ao avanzar as causas do xa visto, en vez das consecuencias. É a primeira do ciclo escrita para instrumento só. A súa estrutura formal medra e desenvólvese a partir das ideas sonoras orixinadas nas transformacións tímbricas ás que son sometidos diferentes rexistros do piano. Entre 1947 e 1988, a rusa Galina Ustvolskaya escribiu seis sonatas para piano que combinan a creación do universo e a máxima interiorización e confesión persoal. Ustvolskaya escribiu, ao longo de case trinta anos, a *Quinta Sonata* en dez seccións, o que representa unha ruptura decisiva co pasado e Ustvolskaya coloca as súas expresións ao estilo de Shostakovich xunto a disonancias «experimentais». A sonata presenta un «tema» que consiste nun único son: o da primeira oitava. Este son aparece continuamente, como se simbolizara unha especie de centro do universo ou do teclado, ou do espírito humano e divino.

Elisa Vázquez Doval

Elisa conta cunha ampla traxectoria como solista e músico de cámara. Ao longo da súa carreira foi invitada a tocar en prestixiosos auditorios, como o Concertgebouw en Amsterdam e o Muziekcentrum Vredenburg en Utrecht, e deu concertos en varios países de Europa. O seu especial interese pola música contemporánea levouna a investigar e interpretar o repertorio para piano das últimas décadas. En España estreou obras de Elliott Carter, John Cage, Joji Yuasa, Rebecca Saunders, Younghi Pagh-Paan, Alberto Hortigüela e Chou Wen-chung.
As súas actividades máis recentes inclúen concertos na Fundación Juan March, o Festival Internacional de Primavera da Universidade de Salamanca, as Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, a Fundación Caixa Galicia e o Festival Espazos Sonoros, así como recitais en varios auditorios de España. Realiza os seus estudos de piano no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela e no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. Posteriormente, amplía a súa formación na Escola de Música de Barcelona e no Conservatorio de Rotterdam. En 2006, recibe un Mestrado en Piano do Conservatorio de Utrecht. Os seus principais mestres foron Klára Würtz, Michael Davidson, Manuel Carra, Julián López-Gimeno e Albert Atenelle. Ten participado en clases maxistrais con Nicolas Hodges, Yukiko Sugawara, Hakon Autsbo, Greoffrey Madge, Edgar Nebolsin, Nino Kereselidze, Bruno Rigutto, Alexander Kandelaki, Evgeny Moguilewski, Kyoto Hashimoto e Alberto Rosado. Recibiu apoios e bolsas de entidades como o Ministerio de Asuntos Exteriores, Fundación Caixa Galicia, Deputación de A Coruña, Comunidad de Madrid, Ecole de Musique de Niza e a fundación holandesa para as artes Hein Fonds.

XOVES 17

19.30 H | CONVERSANDO
SALA MOZART

RAQUEL GARCÍA-TOMÁS, COMPOSITORA

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ, DIRECTOR

20.30 H | CONCERTO,
SALA ÁNGEL BRAGE
AUDITORIO DE GALICIA

REPERTORIO

Unsuk Chin (1961)
*Subito con forza** (2020)

Grażyna Bacewicz (1909-1969)
Contradizione, for Chamber Orchestra (1966)

Raquel García-Tomás (1984)
Sonic Canvas (2020)

Joan Tower (1938)
*Chamber dance** (2006)

*ESTREA EN ESPAÑA

CONTRADICIÓNS*

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ, DIRECTOR

Catro compositoras de moi distintas xeracións e culturas que afrontan a música desde diferentes perspectivas persoais. A compositora surcoreana Unsuk Chin leva décadas emocionado á audiencia nas salas de concertos de todo o mundo con música chea de efectos de luces parpadeantes e un xogo de cores sen fin. Coa súa transnacionalidade, vive en Alemaña desde 1985, liberouse das tradicións e procura mundos sonoros completamente novos. Idea das obras dramáticas e de ensoño de Chin, *Subito con forza* é o último traballo orquestral de Unsuk Chin, composto como homenaxe a Beethoven no seu aniversario en 2020. A música esconde tanto citas do compositor como reflexións máis implícitas sobre a xordeira que o golpeou e frustrou cruelmente. *Contradizione* é unha obra para conxunto de cámara cuxa elección dos instrumentos non foi casual, pois o elemento fundamental, a xustaposición de todo tipo de contradicións musicais, dependía dos instrumentos utilizados na obra. O obxectivo primordial era crear, a partir destes elementos contraditorios, unha obra que non só resistira estas xustaposicións do material musical, senón que tamén fose capaz -grazas á súa estrutura- de unilas tan estreitamente que produciran como resultado unha nova experiencia artística. *Chamer dance* é música de cámara pois Joan Tower foi un encargo da Orpheus Chamber Orchestra e pensa nela como un gran grupo de cámara, que interactúa e «baila» cos demais ao igual que os grupos de cámara máis pequenos. Como os bailaríns, os membros deste grupo deben estar moi en contacto co que fan os outros, e permitir un liderado cambiante para guiar aos conxuntos menores e máis grandes. A obra tece un tapiz no que o óboe, a frauta e o violín aparecen como solos e o violín e o clarinete, o violonchelo e o fagot, as dúas trompetas e as trompas ao unísono saen da textura como dúos. A escritura do grupo é bastante vertical e rítmica, creando así un conxunto que ten que «bailar» ben pegado. Raquel García-Tomás explica que *Sonic Canvas* xorde do desexo de «pintar con sons un lenzo imaxinario, tal como suxire o título». Así, aspectos como a cor, a textura e a densidade «adquiren aquí un novo significado, lonxe das convencións habituais, especialmente a de cor-timbre».

Dada a sinestesia que a acompaña desde que ten uso de razón, a compositora asocia a cor, a harmonía e os cambios de rexistro máis que o timbre. Por iso, servíndose deste fenómeno neurolóxico, compuxo *Sonic Canvas*, que non é máis que unha representación persoal do visual a través do son.

Real Filharmonía de Galicia

A RFG nace como un ambicioso proxecto cultural en Santiago de Compostela no ano 1996. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico, posto no que lle precederon Helmuth Rilling e Antoni Ros Marbà. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Con sede no Auditorio de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago, mantén unha tempada de abono estable, levando a súa música por toda a comunidade galega. Ao longo da súa traxectoria acompañárona os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas do mundo. Realizou xiras e concertos en escenarios de Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina, Cuba e Portugal. A RFG mostra un especial interese pola creación contemporánea, apoiando a estrea de obras de novos compositores e compositoras galegas. Tamén é habitual a súa colaboración con artistas dos máis diversos estilos musicais. A súa discografía consta dunha quincena de CDs, dedicados a Maurice Ravel, Manuel de Falla, Frederic Mompou, Antón García Abril, Franz Schubert ou José Arriola. A Real Filharmonía de Galicia traballa por achegar a música clásica a todos os públicos. Para iso promove concertos gratuítos na rúa, nos barrios e en diferentes puntos da cidade compostelá, á vez que ofrece actuacións en directo por *streaming*. No seu afán por chegar aos máis novos, realiza propostas didácticas, familiares e programas especiais. Comprometida coa educación musical das novas xeracións, a orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a novos intérpretes.

Diego García Rodríguez

Nace en Escarabote (A Coruña) e estuda piano e música de cámara nos Conservatorios de Santiago de Compostela e Lausana. Estuda dirección de orquestra na Hochschule der Künste de Zúric e obtén un Mestrado en dirección orquestral baixo a dirección de Johannes Schlaefli. Prosegue os seus estudos de orquestra e ópera con Diego Masson e é seleccionado para participar no primeiro programa para novos directores da prestixiosa London Sinfonietta. Foi director asistente de Nicola Luisotti, Paul Daniel, Josep Pons e Nicolas Chalvin no Teatro Real de Madrid, Gran Teatre del Liceu de Barcelona, Festival Castell de Peralada, Opéra de Lausanne, Théâtre de Caen e Angers-Nantes Opéra. Dirixe *Hänsel e Gretel* no Teatro Real de Madrid, *Carmen* na Opera Bałtycka de Gdansk; *Rigoletto*, *Macbeth* e *O Barbeiro de Sevilla* en Vigo; *Madama Butterfly* e *As vodas de Figaro* no Festival de Verán de Dartington; *O Barbeiro de Sevilla* e *Rigoletto* en Donostia, *A ópera dos tres reais* para o CDG e as estreas mundiais de *It makes no difference*... de Simone Spagnolo no festival Tête à Tête de Londres, *Die träumenden Knaben* de Torsten Rasch no Two Moors Festival de Devon e *O Loro de Carlos V* de Nani García n'A Coruña. Ten actuado como director invitado coa Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Castilla y León, Sinfónica del Principado de Asturias, Orquestra de la Comunitat Valenciana, Orquesta de Extremadura, Filarmónica de Málaga, Orchestre des Pays de Savoie, Akademicka Orkiestra Bydgoszcz, Orquesta Joven da Sinfónica de Galicia, Dartington Festival Orchestra, OrchestrBerg Prag e o conxunto instrumental suízo Kypris. Diego é membro fundador e director artístico do Taller Atlántico Contemporáneo co que desenvolve unha intensa actividade de difusión da música contemporánea e a súa relación con outras disciplinas artísticas. Co TAC actuou no Auditorio Nacional de Madrid, Semana de Música Religiosa de Cuenca, Festival Internacional de Música y Danza de Granada, Festival Internacional de Santander e Quincena musical Donostiarra.

MARTES 22
20.30 H | SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

MIRADAS SONORAS
TRÍO ZUKAN

INTEGRANTES DO TRÍO ZUKAN

María Zubimendi, acordeón

Jon Ansorena, txistu

Gorka Catediano, percusión

REPERTORIO

María Eugenia Luc (1958)
Begiratu (2018)

Oihana Rodríguez (1999)
Gure Sustrai (2021)

Isabel Urrutia (1967
Etorkiz eta izatez (2018)

Carolina Cerezo (1993)
Luggage by heart (2021)

Sofía Martínez (1965)
Nocturno (2020)*

Helga Arias (1984)
Zeinu (2019)

*ESTREA ABSOLUTA

Case desde os seus inicios o Trío Zukan acuñou o termo «miradas sonoras» para albergar a multiplicidade de intereses que os define como intérpretes. Estes son case tantos como expresións ten a creación musical contemporánea, de forma que nos seus programas conviven as propostas máis experimentais xunto a outras de factura máis tradicional pero que consideran de gran interese musical. É o caso de *Begiratu* de María Eugenia Luc, unha mirada «a un tempo subxectivo, interno, non medible, un tempo que se amplía (fundindo o presente con diferentes momentos do pasado)», realizada co inconfundible preciosismo tímbrico desta compositora arxentina. En contraste, *Luggage by heart*, a máis recente obra de Carolina Cerezo, é unha proposta de fondo calado conceptual que segue a liña de teatro de obxectos documentais que a autora malagueña ven investigando nos últimos anos. Como proposta escénica, un só elemento: un *flight case* «cunha aura moi especial: a dos potenciais obxectos que contiña e pode conter; a das viaxes que sufriu e os sons dos que foi testemuña». *Etorkiz eta izatez* de Isabel Urrutia é a primeira peza composta cun novo método de composición baseado en utilizar un material sonoro novo, escollido por razóns estéticas, e consiste fundamentalmente na mestura de instrumentos da orquestra clásica con instrumentos de tradición oral de diferentes culturas e países sobre os que crea unha «paleta sonora» que lle permite colorear timbres de instrumentos clásicos con timbres de instrumentos de tradición oral e viceversa, descubrindo un mundo insólito, inesperado e ilimitado de novas sonoridades. Zukan non só centra os seus esforzos na composición contemporánea instrumental, senón que trata de incluír novos e diversos recursos artísticos no seu repertorio e forma parte do proceso creativo da bilbaína Helga Arias, investigando a enorme paleta de sons que xorde coa combinación dos seus instrumentos.

Trío Zukan

En 2014 xorde o Trío Zukan reunindo tres instrumentos pouco comúns como a percusión, o acordeón e o txistu (frauta tradicional do País Vasco). Na actualidade, é unha das formacións máis consolidadas do panorama da música contemporánea do País Vasco. Ten ofrecido numerosos concertos en ciclos de referencia como Quincena Musical Donostiarra, Fundación Juan March, Festival Bernaola, Circuíto de Música Contemporánea Musikagileak, Ciclo de Música Contemporánea BBVA, Attacca Festival Basel, Festival Kuraia ou Classical:NEXT de Rotterdam. Ademais, Zukan liderou algunhas producións multidisciplinares coa colaboración de bailaríns como Eneko Gil e Amaia Elizaran, ou o Museo San Telmo de Donostia - San Sebastián. A innovación sonora foi desde sempre o punto de partida da creación do repertorio para o Trío Zukan, utilizando tanto a combinación dos seus propios instrumentos, como a inclusión de outros recursos, entre os que se poden mencionar obxectos atípicos como as queixadas de cabalo, a voz e a performance, a electrónica, as proxeccións de vídeo ou a utilización de danza nalgunha das súas obras. Todo iso forma parte do laboratorio do Trío Zukan, no que continúan traballando coa colaboración de diferentes creadores actuais, co obxectivo de crear e propoñer novas posibilidades estéticas.

María Zumendi

Zumaia,1994. Fórmase con Miren Iñarga e no Centro Superior de Música do País Vasco–Musikene con Iñaki Alberdi. Posteriormente finaliza un programa de mestrado especializado en música contemporánea na Musikhochschule FHNW de Basilea (Suíza) baixo a tutela de recoñecidos intérpretes como Mike Svoboda, Marcus Weiss ou Jürg Henneberger, coas máximas cualificacións. Ademais da súa experiencia en innumerables festivais, a súa participación en diversos concursos nacionais e internacionais valeulle varios premios, entre os que destacan o primeiro premio no Concorso Internazionale di Firsarmonica Santa Cecilia en Roma, o segundo premio no International Akkordeon Wettweberb Klingenthal 2014 ou o primeiro premio do Concurso Internacional Arrasate Hiria 2018. Ten estreado obras de compositores de prestixio como R. Lazkano, J. M. Sánchez–Verdú, M. E. Luc, S. Avramidou ou G. Moreno, tanto sola como con diferentes formacións de cámara. Ademais do seu traballo como solista, foi acordeón invitada na Orquesta Sinfónica de Euskadi, e colabora habitualmente con agrupacións como PluralEnsemble, Zone Experimentale, Ciklus Ensemble, Tanar Quartet, Akoncert Ensemble.

Gorka Catediano

Miranda de Ebro, 1992. Fórmase no Conservatorio Jesús Guridi de Vitoria-Gasteiz e no Centro Superior de Música do País Vasco – Musikene con Javier Alonso, Lorenzo Ferrándiz, José A. Trigueros e Antonio Domingo. En 2018 finaliza un programa de Mestrado no Koninklijk Conservatorium de La Haya (Holanda) baixo a tutela de recoñecidos intérpretes como Hans Zonderop, Theun van Nieuwburg, Niels Meliefste, Pepe García e Rob Verhagen obtendo as máximas cualificacións. Fundador tamén do cuarteto de percusións IKKO Percussion Group, outra formación comprometida coa creación de vangarda. Como solista obtivo premios en concursos como o Italy Percussion Competition, o Concurso Jóvenes Músicos de Euskadi ou a Muestra Musical Regino Sainz de la Maza. Ten colaborado con formacións

como a Nederlands Philharmonisch Orkest, Residentie Orkest, Slagwerk Den Haag, ASKO|Schönberg Ensemble, Atlas Ensemble, Nederlands Blazer Ensemble, Bilbao Sinfonietta, Orquesta Verum, Orquesta Sinfónica de Euskadi e Orquesta Sinfónica de Bilbao.

Jon Ansorena

Hernani, 1992. Fórmase no Conservatorio Francisco Escudero de San Sebastián e posteriormente no Centro Superior de Música do País Vasco – Musikene con Aitor Amilibia. Ademais, foron decisivas na súa formación as clases recibidas por grandes intérpretes como Iñaki Alberdi, Jabi Alonso, Jose Ignazio Ansorena, Sèverine Ballon, Miquel Bernat, Alfonso Gómez ou Garth Knox. Compaxina o seu labor como intérprete de música tradicional coa investigación tanto do instrumento como do seu repertorio máis vangardista. Actualmente é integrante da Banda Municipal de San Sebastián, ademais de formar parte de diversas asociacións e institucións comprometidas coa música actual do País Vasco, como Musikagileak — Asociación Vasco–Navarra de Compositores—, Euskal Herriko Txistulari Elkartea, EHMBE–Euskal Herriko Musika Bulegoa, etc. Tamén colaborou con formacións e entidades como Silboberri, Ensemble XARE, Ciklus Ensemble entre outras e ten participado en festivais como Gargonza – Arts, Quincena Musical de San Sebastián, Festival Bernaola, Circuito de Música Contemporánea Musikagileak ou Musikaste.

VENRES 25
20.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

UN PECADO CHEO DE PRACER

VERTIXE SONORA

O verso da poeta iraniana Forugh Farrojad (1935-1967), acubilla as estreas mundiais de Yulan Yu (China), Eda Er (Turquía), Alyssa Aska (EE.UU.) e Manuela Guerra (Italia) na celebración dos 10 anos da aparición de Vertixe Sonora. Unha reivindicación da creación feminina actual na súa impoñente diversidade que se completa coa presentación da derradeira obra de Carolina Cerezo (España).

Na procura de emocións compartidas, camiñaremos adiante e atrás no tempo reelaborando unha historia musical da sororidade —máis transversal, máis elíptica e máis matizada—, a través do fío de complicidades que a sensibilidade das mulleres leva tecido ao longo dos tempos. O mundo interior das mulleres nos epigramas de Nossis na Italia do século III a. C.; a concepción da feminidade no mito bíblico de Lilith ou no pensamento taoísta; a intimidade de goces relacionados coa fisicidade, o tacto e a pel; o tormento da obsesión en Pigmalión; a rebeldía contra séculos de opresión que condenou á infelicidade a tantas mulleres porque aínda escandaliza a súa insubornable liberdade vital... Unha relectura da arte, da literatura, dos mitos e da historia en clave contemporánea coma homenaxe ás creadoras que nos precederon.

VERTIXE SONORA

Adriana Aranda, voz
Pilar Fontalba, oboe
Haruna Takebe, teclados

REPERTORIO

Yulan Yu (1990)
*Lilith** (2021) para piano amplificado e soporte fixo.

Manuela Guerra (1996)
*Nova obra** (2021) para piano e voz

Carolina Cerezo (1993)
*La peaux douce*** (2021) para óboe amplificado, cinta e catro resoadores

Eda Er (1989)
*O que algúns chaman virtude, outros pecado** (2021) para óboe, piano, soporte fixo e video

Alyssa Aska (1985)
*Nossis** (2021) para voz, óboe, piano

*ESTREA ABSOLUTA
**PRESENTACIÓN EN GALICIA

Vertixe Sonora

Colectivo flexible que integra solistas de importante traxectoria no ámbito da música contemporánea en Galicia e Portugal, Vertixe Sonora Ensemble favorece un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio na música contemporánea. Está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e a danza cunha común vontade por desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global que atopan na procura da excelencia artística e no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser. Xurde co afán de manter unha estrutura estable de encomendas, favorecer a creación de producións musicais de actualidade e dinamizar o espectro sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular dun xeito que resulte significativo nunha perspectiva internacional. A partires dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro establece un constante diálogo e interacción co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras formas artísticas da contemporaneidade desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión nin ao espírito de vangarda.

MARTES 29
20.30 H
TEATRO PRINCIPAL

CELLO∑ELECTRONICS

MARGARIDA MARIÑO
VIOLONCHELO

LAURA ITURRALDE
DESEÑO DE ILUMINACIÓN E ESCENOGRAFÍA

A exploración dos límites sonoros e estéticos do violonchelo levou a Margarida a experimentar con xéneros onde o seu instrumento non é tan común, como o Jazz, a música espontánea, ou a improvisación libre, entre outros. A súa proposta en solitario presenta un repertorio orixinal para violonchelo inspirado en temas como a ecoloxía, o cambio climático ou as migracións humanas, utilizando pedais de efectos, voz e loops cos que logra crear texturas únicas e complexas orquestracións que dan lugar a un estilo moi persoal e único, no que xéneros tan aparentemente diverxentes como o post-rock, new-age ou a música clásica vibran cunha soa voz.

Margarida Mariño

Natural de Vigo comeza os seus estudos de violonchelo á idade de oito anos no Conservatorio Profesional de Música da mesma cidade con Isabel Figueroa. En 2008 trasládase a Barcelona para licenciarse no Conservatori Superior Liceu. Durante a súa estancia na cidade condal comeza a súa inmersión no ámbito das músicas improvisadas e o Jazz. Ten tocado en recoñecidos festivais como o Voll Damm Jazz de Barcelona, Pop Arb, VallSonora ou Curtcircuit. Tras licenciarse no Consertavorio continúa a súa formación de violonchelo e contrabaixo no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra co pianista e compositor Abe Rábade. Forma parte da Asociación de Violoncellistas de Galicia *Soncello* e foi invitada a impartir varias charlas e obradoiros sobre improvisación libre ou o uso de pedais de efectos co violonchelo. Ten recibido clases de prestixiosos violonchelistas tales como Cristoph Coin, Barbara Switalska, Asier Polo ou Herre Jan Stegenga e tamén formou parte de distintas orquestras como a OSV430, a Real Filharmonía de Galicia e a nivel internacional a Orquesta Réssonnance en Suíza, ou La Via dei Concerti, coa que emprendeu unha xira por Italia, Francia e España con concertos entre os que destacan unha audiencia no Vaticano de Roma ou a Feria de Exposición Universal en Milán. No ano 2015 forma o dúo Treme xunto á cantante e guitarrista Su Garrido, galardoadas co premio Música Xove á mellor banda galega e ofrecendo concertos por distintos festivais e auditorios como o Festival de Jazz de Vigo ImaxinaSons, Festival PlayDoc, ou o Auditorio Conde Duque de Madrid. En 2017 comeza a súa colaboración co multiinstrumentista Fernando Barroso co que emprende unha xira a nivel internacional presentando o seu álbum para mandolina e violonchelo *Silence Lovers Club*. En abril de 2018 forma parte xunto ao seu irmán Borja Mariño do espectáculo *Pulcinella*, unha produción do Teatro Real baseada no ballet de Stravinski. Compuxo e interpretou música orixinal para diferentes obras como a curtametraxe Puzzle de Nicolás Ferglez ou o espectáculo Good Luck de Alfonso Rivera. Actualmente forma parte do Trío Eixos Cromáticos, do quinteto Límbico e do cuarteto de Fernando Barroso, ao mesmo tempo que presenta o seu primeiro traballo en solitario *Cello&Electronics* con gran acollida a nivel internacional.

LUNS 14
LUNS 21
19.30 H
SALA MOZART
AUDITORIO DE GALICIA

ELAS FAN ÓPERA

ROSA Mª FERNÁNDEZ
MUSICÓLOGA

A ópera é moito máis que un fenómeno estético daqueles considerados como paradigma da grande arte. É o ámbito de desvelo da verdade, na que o ser humano propón preguntas e busca respostas sobre quen é e cal é o seu lugar nun mundo globalizado e devastado como o actual. Baixo o título *Elas fan ópera*, proponse un percorrido polas diferentes achegas que teñen feito a esta arte contemporánea as máis sobresaíntes dramaturgas, compositoras, directoras de escena e cantantes. No que respecta ás compositoras, tratarase das óperas máis destacadas e do estilo compositivo de Kaija Saariaho, Chaya Czernowin e Raquel García-Tomás; no que atinxe ás directoras de escena, falarase do traballo ideado por Marta Pazos, Lotte de Beer e Vera Nemirova; cantantes como Barbara Hannigan ou Patricia Petibon terán o seu espazo nestas Xornadas, nas que nos achegaremos tamén ás claves interpretativas de directoras como Hannigan, Nazanin Aghakhani ou Susanna Mälkki. Nestas charlas non se trata de facer un relato da ópera contemporánea desde a pura especulación teórica, senón de achegala ao público con exemplos audiovisuais concretos que amosen unha forma de concibir a ópera en feminino e a súa forma de interpelar ao espectador de hoxe.

Rosa Mª Fernández

Naceu en Ponferrada en 1970. É licenciada con grao en Historia e Doutora en Musicoloxía pola UAB. Mestrado en Dereito da Unión Europea e Mestrado en Operacións de Intelixencia e Contraintelixencia. Neste ámbito forma parte do grupo académico internacional sobre Crisis Internacionais e é analista do CESEG. É investigadora en análise de música contemporánea do Instituto de Recherche Musical da Sorbonne e Académica da Reial Acadèmia Catalana de Belles Arts de Sant Jordi desde 2006, sendo a persoa máis nova en ingresar en España nunha Real Academia. Foi bolseira en distintos organismos para realizar investigacións musicais en Ciudad de México, Barcelona e Bruxelas. Foi membro de tres proxectos internacionais de I+D e profesora de Doutorado de Música na USC. Centrou gran parte das súas investigacións na música contemporánea, especialmente en análise e novas dramaturxias escénicas, do que impartiu numerosos cursos.

Nestes ámbitos, escribiu varios libros e publicou máis de 30 artigos científicos, especialmente en España e Italia. Actualmente desenvolve unha investigación sobre dramaturxia contemporánea na Università de Musicologia de Milán e ten rematado un libro sobre composición contemporánea en Galicia, encargo da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia. Desenvolveu distintos proxectos relacionados coa interacción da música e as artes audiovisuais. Neste eido, comisariou proxectos para a Orquesta Nacional de España, o Auditorio Nacional de Madrid, o Centre de Musica Contemporania de Barcelona ou o Govern de Andorra. Entre os proxectos que ten comisariado para o CGAC, destacan a instalación Sonora en 12 canales *ARGOT Laberinto fluido*, encargada polo propio CGAC, premiada polo Instituto Cervantes e posteriormente levada ao Museum Weserburg de Bremen, á Fonoteca Nacional de México, á CAAM-San Antonio Abad e aos Institutos Cervantes de Frankfurt e Bruxelas.

Compostela Cultura

CompostelaCultura
CCultura
CompostelaCultura
CompostelaCulturaTV
compostelacultura.gal

CONCELLO DE SANTIAGO
CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea
XUNTA DE GALICIA
USC Universidade de Santiago de Compostela
Deputación DA CORUÑA
CONSORCIO DE SANTIAGO
Gobierno de España
Concello de Santiago
Xunta de Galicia